

## MISA CON NENOS

16 de xuño de 2024 T.O. 11 B

Marcos 4, 26-34: *“É a semente máis pequena e faise máis alta que as demais hortalizas”*. Mensaxe: Regar a miña pequenez para crecer e ser acolledor



La pequeña semilla de Amor  
que Dios pone en mí es su sueño de que crezca y sea acogedor.

Régalo y crece

### 1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: sede benvidos a esta celebración no día do Señor. Reunímonos como crentes, como Igrexa, para dar grazas a Deus e a escoitar a súa Palabra que nos orienta, ensínanos e anímanos na nosa vida diaria. Hoxe, as lecturas deste domingo 11º do tempo ordinario, convídannos a mirar ao que lle sucede ao pequeno gran de mostaza, que sementado no campo crece ata converterse nunha árbore forte e grande. Tamén o Señor sementa nas nosas vidas o don da fe para que deamos froitos abundantes. Acudamos ao bo xardineiro que é Deus para que faga xerminar, crecer e espertar o tesouro da fe nas nosas vidas dicíndolle: “Rega, Señor, a miña pequenez para crecer e ser acolledor”

(O Cartel de Fano deste domingo cunha cestiña de sementes).

SACERDOTE: No nome... – *Que Xesús, que é a semente enterrada que deu froitos de perdón e de salvación, sexa convosco.*



### 2. SÚPLICAS DE PERDÓN

*Nun momento de silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle que nos renove e nos perdoe.*

- Por non ser máis entusiastas coas cousas de Deus. Por non ofrecer as nosas mans alá onde son necesarias para que Cristo siga falando e vivindo.

***Señor, ten piedade de nós.***

- Porque non nos damos conta de que o Señor segue sementando con amor e con paciencia a través de nós. ***Cristo, ten piedade de nós.***

- Por crer que todo depende de nós cando é Deus o que fai xerminar e crecer a fe. ***Señor, ten piedade de nós.***



### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Hoxe no evanxeo, escoitaremos en parábolas como crece o Reino de Deus, esta vez como o trigo ou a mostaza. Na lectura de Ezequiel, o Señor fai crecer dunha semente unha gran árbore, que todos poderán ver. E S.

Paulo afirma que a nosa gran ambición non ten que ser outra que a de ser fieis ao Señor e vivir na súa presenza.

#### 4. ORACIÓN DOS FIEIS

(Sacerdote): *O mesmo que o labrador espera con ilusión os froitos da semente, tamén nós achegámonos ao Pai con fe dicindo: -Que coidemos a túa semente, Señor.*

- 1.- Para que a Igrexa semente en nós a semente da Palabra e do Reino. **Oremos.**
- 2.- Para que aprendamos a valorar as pequenas cousas, os detalles, os pequenos xestos que alegran a vida de tantos. **Oremos.**
- 3.- Para que construíamos o reino de Deus dando froitos abundantes de amor e fraternidade. **Oremos.**
- 4.- Para que saibamos valorar o esforzo de tantas persoas, sacerdotes, catequistas, grupos de pastoral, educadores, que nos van axudando a crecer e a acoller o don da fe, do amor, da solidariedade. **Oremos.**
- 5.- Para que a nosa comunidade parroquial sexa un lugar de encontro, de acollida e de cultivo dos valores do evanxeo. **Oremos.**
- 6.- Para que non enterremos as nosas capacidades e posibilidades, desenvolvámoas e poñamos ao servizo do reino de Deus. **Oremos.**
- 7.- Para que non nos desanimemos xa que nunca descubriremos o alcance das nosas obras, a capacidade e forza das sementes que sementamos. **Oremos.**
- 8.- Para que os que reciben a primeira comunión estes días e os seus pais experimenten a Xesús nas súas vidas e revitalicen a súa fe. **Oremos.**  
(Sacerdote): *Ven, Xesús, queda connosco, dános calor e esperanza, dános alegría e fe. Por XCNS. Amén.*

#### 5. PRESENTACIÓN DE OFRENDAS

**UNAS SEMILLAS:** Ofrecémosche, Señor estas sementes e dicímosche: Contigo, Señor, sementaremos ilusións e esperanzas nun mundo que chora perdido; alegría e fortaleza aos que caen na tristeza; amor ao ceo cando digan que Ti non existes; a túa presenza salvadora cando nos atopemos perdidos. Dános a alegría de saber que somos sementes do teu Reino.

**PAN E VIÑO** Co pan e co viño ofrecémosche, Señor, o traballo de tantos que colaboran na construción do teu Reino de paz, de xustiza, amor. Que non nos cansemos nunca, que a nosa fe sexa grande e que sintamos que ti es o motor, a forza imparable.